

## Modificación da resolución do 19.06.2024 pola que se convoca un concurso para a contratación de profesorado permanente laboral

Por resolución do 19.06.2024 (DOG do 27.06.2024) a UDC convoca un concurso para a contratación de profesorado permanente laboral para a provisión de diversas prazas, entre as que figura a 24/3006, de profesorado permanente laboral, área de Edafoloxía e Química Agrícola, departamento de Física e Ciencias da Terra, Facultade de Ciencias.

A convocatoria da praza foi solicitada por acordo do Consello do departamento de Física e Ciencias da Terra de data do 31.05.2024, facendo constar, como motivo da solicitude o "Cumprimento do compromiso de estabilización do persoal investigador contratado ao abeiro das convocatorias de ciencia de excelencia: Investigador distinguido da Xunta, e Consolidación investigadora do Ministerio".

O dito compromiso, que actúa como condición necesaria da convocatoria, atinxe a D. Manuel López Vicente, investigador principal da axuda de consolidación 2022 con referencia: CNS2022-135591 AYF.

O 16.07.2024 Manuel López Vicente -que non presentou solicitude de participación-renuncia ao contrato do que deriva o compromiso de estabilización de referencia.

Neste contexto tense constatada a inexistencia na área de Edafoloxía e Química Agrícola de necesidades docentes que xustifiquen o mantemento da convocatoria dunha praza de profesorado permanente laboral.

Na súa virtude, resolvo:

1. Modificar a resolución do 19.06.2024 pola que se convoca un concurso para a contratación de profesorado permanente laboral, deixando sen efecto a convocatoria da praza 24/3006.
2. Devolver as taxas satisfeitas ás persoas que presentaron solicitude de participación na praza 24/3006.
3. Publicar a presente resolución no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses, que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa e, con carácter potestativo e previo, recurso de reposición no prazo dun mes.

A Coruña, á data da sinatura electrónica que o autoriza

O reitor,

PD: A vicerreitora de Profesorado [RR 10.07.2024]

Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	tzQwtY00FHqbFXLIg8Fcmg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	07/10/2024 13:10:20
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/tzQwtY00FHqbFXLIg8Fcmg==">https://sede.udc.gal/services/validation/tzQwtY00FHqbFXLIg8Fcmg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

